

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2018.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de setembro de dous mil dezaoto; as dez da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Dona Maria López Touza. Non asiste Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado cinco de setembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

EXPEDIENTE RIB/N/102.13/15 (1515/2018) DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

Visto o escrito de **Don Guillermo López Miguez, na representación de Construccions e Excavacions López Carballal S.L.**, con domicilio na rúa Redondela nº 18, Ribadavia, onde solicita licencia de primeira ocupación para Edificio de vivendas e dous baixo sito na rúa José Maria Martínez Vázquez nº 1 e 3, esquina rúa Virxe do Portal, desta Vila.

Visto o informe favorable da Arquitecto Municipal de data 9 de agosto de 2018.

Consta escritura publica de cesión de terreos outorgada con data 06.09.2018 ante a Notaria do ilustre Colegio Notarial de Galicia, Dona Maria Isabel Celeiro Fernández.

Consta a seguinte documentación:

- Boletín de Instalación de Telecomunicación e Protocolo de probas, en cumprimento do apartado 4 do artigo 10. Execución do proxecto técnico do Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción.
- Inscripción no rexistro do certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado, en cumprimento do apartado 3 do artigo 5. Prazos e condicións da Orden de 3 de setembro de 2009 por la que se desenvolve o procedemento, a

- organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe de ensaio, elaborado a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións, que xustifica que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos, en cumprimento do apartado 2 do artigo 10. Illamento acústico de edificacións do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
 - Certificado Final de Obra, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data de 31 de xullo de 2018, e firmado polo arquitecto D. Luís A. Chao Gómez, redactor do Proxecto e Director das Obras, e polo arquitecto técnico D. Marcos Chao Amaro, Director da Execución Material das Obras.
 - Anexo I ó Certificado Final de Obra. Descrición das modificacións introducidas durante a obra, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data de 31 de xullo de 2018, e firmado polo citado arquitecto D. Luís A. Chao Gómez, no que se sinalan as pequenas modificacións.
 - Anexo II ó Certificado Final de Obra. Relación de controles realizados, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data de 31 de xullo de 2018, e firmado polo mesmo arquitecto. - Memoria e Planos de Fin de Obra, visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data de 31 de xullo de 2018, e firmado polo mesmo arquitecto.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza de **PRIMEIRA OCUPACIÓN** a Don Guillermo López Miguez, na representación de **Construcións e Excavacións López Carballal S.L.**, para Edificio de vivendas e dous baixo sito na rúa José Maria Martínez Vázquez nº 1 e 3, esquina rua Virxe do Portal, desta Vila.

Segundo.- Comunicar o presente acordo ao interesado.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO-

Visto o escrito presentado por **don Xurxo Gómez Alonso** solicitando acometida de auga na estrada da Veiga, San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 04-09-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Informe do Director do Servizo municipal de Deportes, relativo a reparacións a realizar no pavillon municipal de Maquians.
- Da Asociación Deportivo Cultural Ribeiro, comunicando acordo da Asamblea de modificación da Xunta Directiva.
- Da Axencia de Turismo de Galicia, cominando cambio de denominación do Cafe-Bar Arcabria pasando a denominarse Barmacia de Guardia co código identificativo V-0R-2229.
- Da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, escrito comunicando traslado a Consellería de Medio Ambiente escrito do concello sobre danos ocasionados por xabaris nos viñedos do Ribeiro.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONTRATO MENOR.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Contrato de Servizos con Don Jorge Lamas Bertolo, para a realización do servizo de asesoramento arqueolóxico para a Oficina de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia para o period comprendido entre o 01.09.2018 a 31.08.2019”.

APROBACIÓN DE CONVENIO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club Francelos de Fútbol, para a utilización de instalacións deportivas municipais e o mantemento do campo de fútbol “A Valvoa” de Francelos”.

CAMBIO DE DATA CONCERTO LAGARTO AMARILLO.-

Debido as inclemencias metereolóxicas acaecidas o pasado 8 de setembro o grupo “Lagarto Amarillo” non poido actuar na data e hora pactada durante as festas do Portal 2018.

Ante esta situación por parte do grupo de goberno procedeuse a negociar cos representantes do grupo unha nova data para actuar, todo elo co menor custe para o Concello.

Visto o anteriormente transcrito, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda propoñer como data para unha nova actuación o día 4 de maio de 2019, sempre e cando a axenda do referido grupo o permita.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE